Fumaria muralis Koch, 1845

- matafogo, saltasebes, muruxa, herba dona, pombiña, pé de galiña
- fumaria, zapatitos de la Virgen, conejito de los muros, zapaticos
- harri-lastoiloa, harri-lastoilo
- fumària de paret, fumària mural
- common fumitory
- fumaria



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ranunculales**	**Papaveraceae**	***Fumaria***

ORIXE

Nativa da rexión mediterránea, pero dispersouse por todo o mundo, sendo considerada cosmopolita.

CARACTERÍSTICAS

Difusa ou gabeadora. As súas follas son alternas ao longo do talo. Pinnatisectas de unha a dúas veces. Os segmentos foliares individuais son planos, de forma oblonga ou linear-lanceolada e cun pequeno apéndice ou punta. Presenta acios de 10-17 flores tan longos coma o pedúnculo ou pouco máis. Os sépalos son dentados e a corola rosácea ou violácea (ás veces branca), coas puntas máis escuras. Os froitos son case esféricos.

HÁBITAT

Terreos cultivados, sebes, muros e aciñeirais. Prefire medrar en áreas abertas e perturbadas como pasteiros, bordos de camiños, xardíns e matogueiras costeiras.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e o norte de África.

CURIOSIDADES

Utilizouse como herba medicinal para axudar a depurar o organismo con beneficios para o fígado, e para tratar afeccións da pel como eczemas, psoríase e dermatite, debido as súas propiedades antiinfecciosas e calmantes. Unha sobredosificación pode ser perigosa, resultando cardiotóxica.